

XXXVIII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

24 e 25 DE MARZO • SOBER Festa de Interese Turístico



ACCESOS

Concello de Sober

Praza do Concello

27460 Sober, Lugo

Tlf: 982 460 001

www.concellodesober.com



*¡ Ven a Sober !
¡ Disfruta do Amandi !*

Saúdo do Alcalde

A Festa - Feira do viño de Amandi chega a unha nova edición, e a perseveranza fixo que cumpramos xa 38 anos. Unha longa traxectoria percorrida por un extraordinario grupo de mulleres e homes desta terra, que puxeron a súa ilusión e empeño en ofrecer e dar a coñecer un dos mellores produtos de Sober, o noso viño.



A festa non se centra soamente nas xornadas principais do sábado e domingo de Ramos, programase coma prólogo o Mes do Amandi, que está deseñado para satisfacer todos os gustos e dirixido a todos os públicos: Música, literatura, xornadas técnicas, maridaxes, seminarios, visitas ou exposicións, forman parte desta selecta programación, que durante o mes anterior as xornadas principais da Feira do viño, fan que o noso concello e de modo especial o noso principal embaixador, O VIÑO DE AMANDI, teñan un protagonismo especial.


Este ano a Feira, que foi declarada Festa de Interese Turístico en 1999, ten como invitado de honra o Concello de A POBRA do BROLLON, un concello irmán; o máis próximo as nosas fronteiras sen ter límite xeográfico con Sober.

Temos a honra de contar como pregoeira a CRISTINA PATO, e debemos estar profundamente satisfeitos; unha muller que internacionaliza a música galega e que ten raíces familiares na Ribeira Sacra, máis non podemos pedir.

Desexo que esta Feira e todos os “domingos de ramos” sigan servindo aos soberinos para recibir a milleiros de visitantes cos brazos abertos e mostrarnos tal e como somos: mulleres e homes, raíces dunha terra nobre, que nos fai grandes a humildade xenerosa dos nosos viños.

En nome da corporación municipal que presido
¡Feliz FEIRA DO VIÑO DE AMANDI 2018!

Luis Fernández Guitián
Alcalde de Sober.



Concursos e exposicións

-Do 23 de Marzo o 20 de Abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis de XXXVIII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI e os debuxos do concurso de debuxo infantil.

-Do 9 de Marzo o 20 de Abril no Centro Sociocultural EXPOSICIÓN “Figuras de antonte e de onte, figuras para o mañá”, paneis que recollen motivos e encintados decorativos de casas con esgrafiados de Sober. que foi 1º premio do Proxecto didáctico Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego, feita por alumnos do IES A Pinguela de Monforte baixo a dirección e coordinación de Manuel Vilar Álvarez.

-Do 17 de Marzo o 30 de Abril na Oficina Municipal de Turismo, Exposición de Fotografías SOBER VIVO (patrimonio natural, cultural, etnográfico, artesanía, recursos forestais etc.) de FELIPE CASTRO

Concurso de deseño Carteis.

Presentáronse 30 orixinais chegados de diferentes puntos do estado. O xurado integrado por profesionais do deseño, pintura e artes gráficas, acordaron outorgar o primeiro premio o traballo presentado por Ana Santiso Vilar e concedéronse accésit os traballos presentados por Edhit Nieves Sánchez e Clara Romero Aguado.

Concurso de debuxo infantil.

Ten como obxectivo deseñar un imán co debuxo ganador. O concurso está aberto a tódolos centros de ensino primario da comarca.

Cristina Pato- Pregoeira

Artista e Educadora Interdisciplinaria.
Membro e Asesora de Educación do Silk Road Ensemble de Yo-Yo Ma
Blodgett Distinguished Artist in Residence na Universidade de Harvard (Departamento de Música).



Cristina Pato é unha gaiteira, pianista, produtora e educadora apaixonada. Aclamada como "unha virtuosa explosión de enerxía" polo The New York Times, e como "un dos mestres vivos da gaita" polo The Wall Street Journal, a súa vida profesional está adicada ao intercambio cultural e a forxar novos camiños para a Gaita Galega. Cristina ten actuado en grandes escenarios de todo o mundo e ten lanzado e producido seis discos como gaiteira solista e dous como pianista, e colaborado en máis de 40 gravacións como artista invitada.

A educación xoga un papel esencial na vida persoal e profesional de Cristina. Traballa como Asesora de Educación do Silkroad, e é artista residente na Universidade de Harvard e na Universidade de California Santa Barbara, onde desenvolve proxectos educativos interdisciplinares sobre o papel das artes na sociedade.

Cristina posúe un Doutoramento en Musical Arts pola Rutgers University (EUA) os títulos superiores de Piano, Teoría da Música e Música de Cámara polo Conservatorio de Musica do Liceu, e un Master en Artes Dixitais (Música Dixital) da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona. Foi a fundadora do festival Galician Connection, e escribe unha columna semanal para o diario La Voz de Galicia.

En 2017 Cristina Pato foi nomeada Blodgett Distinguished Artist in Residence na Universidade de Harvard (Departamento de Música).

A Pobra do Brollón - Concello invitado

O Concello de A Pobra do Brollón está situado no sur da provincia de Lugo, pertence a comarca de Lemos e forma parte do territorio da Ribeira Sacra.




A Pobra do Brollón e tradición e natureza. Tradición a través dun pasado vinculado os "soutos", a montaña, a minería e a agricultura, e natureza porque esconde multitude de secretos en covas, bosques, ríos e ribeiras. Paraxes sen contaminar polo home que nos permiten unha sintonía absoluta ca natureza.

Ana Santiso - Autora do Cartel

Debuxante galega formada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e na Escola Massana de Barcelona. Dedícase á ilustración, ao deseño, ao cómic e ao mural.

En cada traballo busca adaptar a súa linguaxe ao tema representado, entendendo o estilo como una ferramenta expresiva máis que como marca de identidade.



Como ilustradora conta cunha ducia de libros publicados con editoriais como Xerais ou Galaxia.

O seu traballo foi destacado con premios como Novos Valores da Deputación de Pontevedra ou o Injuve do Ministerio de Xuventude.

Adegas Participantes

ALGUEIRA	DOADE	629208917
BARBADO	PROENDOS	626491303
CIVIDADE	OUTEIRO-BOLMENTE	638827289
CRUCEIRO	VILACHÁ-DOADE	982152285
DECIMA	VILACHÁ-DOADE	982460613
DON BERNARDINO	CIMA DE VILA-BROSMOS	670882449
ESTRELA	VILACHÁ-DOADE	982152425
FINCA CUARTA	OUTEIRO-PROENDOS	982456211
GUÍMARO	SANMIL-BROSMOS	610524484
GULLUFRE	LOBIOS	982152575
LUCENZA	CORBELLE-PROENDOS	982460546
MALCAVADA	ROSENDE	699073420
MARCELINO I	A CARQUEIXA-PROENDOS	647164040
PETRÓN	DOADE	670615625
PROENCIA	SANXILLAO-PROENDOS	982460055
RECTORAL DE AMANDI	IGREXA-AMANDI	982152157
RECTORAL DE GUNDIVÓS	A AIREXA-GUNDIVÓS	626966280
REGINA VIARUM	DOADE	619009777
TEAR	SUAIREXA-FIGUEIROÁ	982460545
VAL DA LENDA	CANTÓN-AMANDI	982460504
VIÑA CAZOGA	O PACIO-AMANDI	661644952
VIÑA PEÓN	O BARRIO-FIGUEIROÁ	600687107

Panel de Cata

JOSE RAMÓN DOMÍNGUEZ VARELA

DIRECTOR DA REVISTA CEPAS Y VINOS

ALEJANDRO PAADÍN

SECRETARIO XERAL DA ASOCIACIÓN DE SUMILLERES DE GALICIA (GALLAECIA)

EMBASSADEUR DU CHAMPAGNE ESPAÑA 2014

JOSE LUÍS ARAGUNDE SOUTULLO

SUMILLER E XERENTE DA VIÑOTECA RIBEIRA DE FEFIÑANES, A DESPENSA DO RIBEIRA E DISTRIBUIDORA

DE VIÑOS A DESPENSA VINATEROS

CAMPEÓN DO MUNDO DE CATA POR EQUIPOS 2015

HUMBERTO LOUREIRO ARGULLÓS

SUMILLER EN VINOSACRA.ES

MEMBRO DO PANEL DE CATA C.R.D.O. RIBEIRA SACRA

CRISTALINA ÁLVAREZ OLLEROS

ENÓLOGA GRUPO PAZO DO MAR

MEMBRO DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENÓLOGOS

MAYRA RATÓN FERNÁNDEZ

TÉCNICA EN ELABORACIÓN DE VIÑOS EN ASESORIA VITIVINICOLA RL

MEMBRO DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENÓLOGOS

CRISTINA MURGA MACÍAS

ENÓLOGA E VITICULTORA

TÉCNICA EN ELABORACIÓN DE VIÑOS ESPUMOSOS



Mes do Amandi

Programa de Actos

Sábado 24 de Febreiro

As 12.00 horas no MIRADOIRO DE CADEIRAS, Presentación da XXXVIII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI e do seu cartel anunciador, obra de ANA SANTISO. Ao remate degustación de viños de AMANDI.

Luns 26 de Febreiro

Na aula de Informática e Novas Tecnoloxías inicio do Proxecto "CADA UN CONTA A FEIRA SEGUNDO LLE FOI NELA". Trátase dun obradoiro pensado para recompilar material histórico da FEIRA DO VIÑO DE AMANDI dende o seu nacemento en 1981.

(Fotografías, programas, recortes de prensa, etc.). O obradoiro rematará o 23 de Marzo.

Mércores 7 de Marzo

As 19.00 horas no Centro Sociocultural, PRESENTACIÓN do libro de poesía "ENTRE ZOCAS E DECIBELIOS", do soberino de Barantes RAMON SANDOVAL, coa participación entre outros de OLGA NOVO. Ao remate brindaremos con Viño de Amandi.

Venres 9 de Marzo

As 12,00 horas no Centro Sociocultural de Sober INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "Figuras de antonte e de onte, figuras para o mañá", paneis que recollen motivos e encintados decorativos de casas con esgrafiados de Sober. que foi 1º premio do Proxecto didáctico Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego, feita por alumnos do IES A Pinguela de Monforte baixo a dirección e coordinación de Manuel Vilar Álvarez.

Sábado 10 de Marzo

As 20,00 horas no Centro Sociocultural CONCERTO a cargo do CUARTETO de SAXOFONS KEYBART.

Ao remate degustación de viños de Amandi. Organiza: Xuventudes Musicais de Sober.

Luns 12 de Marzo

As 12,00 horas no CEIP VIRXE DO CARME, TALLER DE ANALISE SENSORIAL para alumnado de 5º e 6º de Primaria, dirixido por Vinosacra.es

Xoves 15 de Marzo

De 12.00 a 14.30 na Escola de hostalaría de Rosende, Xornada de Maridaxe: VIÑO DE AMANDI con VACÚN DE GALICIA.

Colaboran: Escola de Hostalaría da Fundación Belarmino Fernández, I.X.P. Ternera Galega e I.X.P. Vaca e Boi de Galicia.

Venres 16 de Marzo

Nas merendas con contos da Biblioteca Pública Municipal, visita a viñedos e ADEGA RECTORAL DE AMANDI para coñecer diversos procesos no coidado dos viñedos e elaboración de viños. Saída as 18.00 horas da Praza do Concello.

Sábado 17 de Marzo

As 20,00 horas no Centro Sociocultural CONCERTO de PIANO a CATRO MANS a cargo de YOLANDA REPRESAS e PABLO RODRIGUEZ.

Ao remate degustación de viños de Amandi. Organiza: Xuventudes Musicais de Sober.

Luns 19 de Marzo

As 16,00 horas no Escola de hostalaría da Fundación Belarmino Fernández de Rosende. SEMINARIO de SERVICIO DE VIÑOS para hostaleiros. Colabora Asociación de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo. Dirixe: Vinosacra.es

As 16,30 horas no Centro Sociocultural en dentro dos Faladoiros dos Luns, Educación para a Saúde (medicación, alcohol e conducción) a cargo de LUISA ASTRAY, Educadora Social da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte.

Xoves 22 de Marzo

De 9.00 a 14.30 horas no Centro Sociocultural de Sober,

Xomada Técnica "Uso do frío na elaboración de viños". Organiza: Estación de viticultura e enoloxía de Galicia.

SABADO 24 DE MARZO

-**As 11.30** horas: Disparo de bombas de palenque anuncian o inicio da XXXVIII Feira do Viño de Amandi.

-**As 12.00** horas: Apertura Oficial a cargo de **Adega GUÍMARO** en lembranza a súa matriarca

Concepción Pèrez Marcos.

-**As 12.15** horas: Actuación do **Grupo de Música Tradicional ÉRBEDO.**

-**As 17.00** horas: **Comenzo da Precata Oficial** na Sala de Catas da Oficina Municipal de Turismo.

-**As 17,00** horas: Actuación do Grupo **ÉRBEDO.**

-**As 18.30** horas: Concerto da **BANDA de MÚSICA de SOBER.**

-**As 20,00** horas: Concerto de **CRISTINA PATO** no Auditorio do Centro Sociocultural de Sober.

-**As 22.00** horas: Actuación de **OS PARENTES**, na Praza do Concello.

-**As 23.30** horas: Actuación de **Gin Toni´s**, na Praza do Concello.

DOMINGO 25 DE MARZO

-**As 10.30** horas: Disparo de 22 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante)

-**As 10.45** horas: Actuación da **Charanga NBA.**

-**As 11.00** horas. Pasaruas coa **BANDA de MÚSICA de SOBER.**

-**As 11.30** horas: Comenzo da **Cata Oficial** na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober.

-**As 11.30** horas: **Misa Solenne coa Bendición de Ramos**, na Igrexa de Sober.

-**As 12.30** horas: Recepción de Autoridades na Casa do Concello.

-**As 12,45** horas: Actuación da **BANDA de MÚSICA de SOBER.**

-**As 13.00** horas: **PREGÓN** a cargo de **CRISTINA PATO.**

-**As 13.30** horas: Entrega de Premios.

-**As 17.00** horas: Actuación da **Charanga NBA.**

-**As 19.30** horas: Baile coa orquestra **SUAVECITO.**

